

CONVOCATORIA POR OBRA E SERVIZO A MEDIA XORNADA

ENVÍO DE CURRÍCULUM

Aquelas persoas interesadas nesta convocatoria deben enviar o seu currículum vitae actualizado indicando a referencia (Ref: Técnico/a de proxectos EpD: Coñecendo os Pobos, Achegando Culturas) ata o día 25 de Agosto (incluído) ao seguinte enderezo electrónico: recursoshumanos@galiciasolidaria.org.

Só se contactará con aquelas persoas que teñas sido seleccionadas para a fase de entrevistas. Ditas entrevistas terán lugar os 10 días seguintes ao peche da candidatura na sede de Farmamundi, en A Coruña.

POSTO DE TRABALLO:

Técnico/a de proxectos de Educación para o Desenvolvemento e Sensibilización.

DESCRIPCION DO POSTO:

Arquitectos sen Fronteiras (ASF) lidera o consorcio formado polas ONGD Acsur-Las Segovias, Farmamundi e Solidariedade Internacional de Galicia. Dito consorcio executará, durante o período Setembro 2010-Novembro 2011, o proxecto de educación para o desenvolvemento: "Aumento do coñecemento e da implicación da cidadanía galega sobre os dereitos dos pobos indíxenas a través da experiencia dunha cooperación integral". Acrónimo: "Coñecendo os Pobos, Achegando Culturas".

FUNCIONS:

Baixo a dirección da Coordinación de ASF en Galicia a persoa será a responsable da planificación, dirección e coordinación das actividades do proxecto, así como da súa xestión financeira, avaliación e control.

REQUISITOS:

Formación:

Titulación universitaria de grado medio o superior, preferiblemente en Ciencias Sociais e/ou Humanidades.

Estudios de especialización en Educación para o Desenvolvemento.

Manexo de Office e Internet.

Dominio do español falado e escrito.

Dominio do galego falado e escrito.

Experiencia:

Experiencia probada en dinamización de proxectos de Educación para o Desenvolvemento e/ou sensibilización en temáticas de Xénero.

Experiencia en seguimento e xustificación, técnica e financeira de proxectos.

Experiencia en xestión de voluntariado.

OUTROS REQUISITOS:

Coñecemento do mundo asociativo galego e español das Ongd .

Capacidade de traballo en equipo.

Capacidade de síntese, xestión e planificación.

Dispoñibilidade para viaxar.

Capacidade de traballo en grupos interculturais.

VALORARASE:

Formación específica sobre Pobos Indíxenas.

Experiencia no terreo.

Coñecementos teóricos e prácticos do enfoque de xénero en proxectos de Educación ao Desenvolvemento.

Iniciativa e creatividade.

Experiencia na xestión e organización de seminarios, foros, eventos, etc.

Flexibilidade horaria

Carné e conducir B1

CONDICIONS LABORAIS:

Incorporación inmediata: Setembro de 2010

Contrato por obra e servizo até finalización do proxecto: Novembro de 2011

Salario mensual neto: arredor de 780 €

Xornada laboral: 20 horas semanais (media xornada).

Posto de traballo en A Coruña.